

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN E A FUNDACIÓN APOYO A LA CIUDADANÍA ESPAÑOLA EN VENEZUELA PARA A PRESTACIÓN DE ASISTENCIA SANITARIA E FARMACOLÓXICA A PERSOAS DE ORIXE GALEGA RESIDENTES EN CARACAS (VENEZUELA).

Caracas, 19 de xullo de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, a **Secretaría Xeral da Emigración**, representada neste acto polo secretario xeral da Emigración da Xunta da Galicia, D. Antonio Rodríguez Miranda, nomeado mediante Decreto 158/2016, de 24 de novembro, en virtude das facultades que lle confire a disposición adicional segunda do Decreto 88/2013, de 30 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

E doutra, a **Fundación Apoyo a la Ciudadanía Española en Venezuela (FACEV)**, actuando no seu nome e representación, o presidente D. Felisindo López Lorenzo, con poder dabondo para comprometerse neste acto consonte ao establecido nos estatutos da entidade.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación, para a sinatura do presente convenio de colaboración e para estes efectos

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- As Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto no artigo 4 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

SEGUNDO.- Segundo o establecido no artigo 4 do Decreto 88/2013, de 30 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden as competencias en materia de desenvolvemento da Lei 7/2013, de 13 de xuño, da Galeguidade, as relacións coas comunidades galegas no exterior, as políticas de emigración e retorno en Galicia e a representación e participación nos órganos e foros relacionados coas mesmas que lle encomende a persoa titular da Presidencia da Xunta.

Esta secretaría ten, entre as súas finalidades, potenciar e contribuír ó desenvolvemento de programas en beneficio dos emigrantes galegos, así como a determinación de medidas de integración social e laboral dos emigrantes retornados, para o que realiza plans, programas e actuacións de apoio á emigración e ao retorno.

TERCEIRO.- A Fundación Apoyo a la Ciudadanía Española en Venezuela, en adiante FACEV, é unha entidade sen ánimo de lucro radicada en Venezuela, cuxo obxecto é a prestación de asistencia socio asistencial, que desenvolve programas de atención sanitaria e asistencial, presta axudas en socorro da adquisición de medicamentos e próteses, realiza estudos de investigación dirixidos ao coñecemento da problemática dos emigrantes e as súas familias, e promove a súa integración socio laboral mediante a celebración de talleres ocupacionais e cursos de orientación profesional, sendo a única institución, no seu ámbito xeográfico, adicada a estas actividades.

En Venezuela existe unha gran colonia de emigrantes españois, que na súa maioría son galegos ou descendentes destes, que en consideración das especiais circunstancias deste colectivo e do país de residencia, precisan da atención da Xunta de Galicia para asegurar que os galegos residentes fóra de Galicia e os seus descendentes, poidan vivir nunhas condicións dignas, en especial a xente maior, sendo esta unha das liñas estratéxicas na actuación da Secretaría Xeral da Emigración.

De acordo co anterior, e segundo o disposto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considérase que FACEV é a institución idónea para a celebración deste convenio de colaboración, por contar coa estrutura, organización, medios persoais e materiais necesarios para a prestación desta asistencia ao colectivo de galegos con escasos recursos económicos, estamos pois ante unha actuación que ten un carácter singular e non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, polo que considérase que non é posible promover a concorrència.

O interese público de colaboración no desenvolvemento da presente actuación radica na pretensión de dar apoio aos emigrantes galegos, residentes en Venezuela, que por cuestións de idade presentan problemas asociados e derivados desta circunstancia persoal.

Por todo o exposto, e tendo en conta a sintonía de obxectivos e a complementariedade dos mecanismos concorrentes para a súa consecución, as partes asinantes formalizan o presente convenio de colaboración, que recolle as seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

Este convenio ten por obxecto establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes do presente convenio, para o financiamento dun programa de atención sanitaria, farmacéutica e socio asistencial, nas condicións establecidas no Sistema Sanitario Público de

Venezuela, aos galegos residentes en Venezuela, que se atopen en situación de exclusión socio asistencial, de falta de cobertura real de asistencia sanitaria ou de prestación farmacolóxica.

SEGUNDA.- PLAN DE ACTUACIÓN

Para a consecución do obxecto deste convenio, a Secretaria Xeral da Emigración colaborará no financiamento dos gastos ocasionados a FACEV relativos a facilitar a prestación dos servizos socio asistenciais e sanitarios mencionados a continuación.

FACEV, comprométese a prestar ás persoas que reúnan os requisitos establecidos na cláusula terceira deste convenio, axuda asistencial, sanitaria ambulatoria, de especialidades e hospitalaria, así como farmacéutica, nos seguintes termos:

- Desenvolverá actividades de carácter promocional, de estimulación e prevención entre a comunidade galega residente en Venezuela, co obxecto de detectar as necesidades de esta e a aquelas persoas que, por carecer de asistencia, precisen axuda.

- FACEV, establecerá un protocolo de actuacións cos centros, clínicas e médicos cos que se concerten os servizos a prestar aos beneficiarios deste convenio.

- Para a atención especializada ambulatoria, FACEV concertará con centros de emigrantes españois que dispoñan de instalacións e equipos médicos adecuados en Venezuela.

- A atención cirúrxica hospitalaria concertarase con clínicas privadas.

- Para a atención farmacéutica a FACEV establecerá os convenios oportunos coa industria farmacéutica venezolana. Correrá directamente cos gastos de medicamentos de aquelas persoas en situación de grave risco de exclusión social.

- FACEV, concertará con centros, de emigrantes españois de ser posible, acordos para a prestación de servizos de Residencia para anciáns ou de atención a calidade de vida en Centros de Día de que dispoñan, para atención de persoas que presenten factores de risco de exclusión social ou familiar e se atopen en situación carencial.

Os expedientes coas propostas dos beneficiarios que se acollan aos programas amparados por este convenio así como a contía individual imputada, serán elaborados por FACEV, aos que se acompañará un informe da situación persoal de cada beneficiario que xustifique a oportunidade de prestar o correspondente dereito ou servizo.

TERCEIRA.- BENEFICIARIOS

Terán dereito a asistencia a que se refire este convenio as persoas que se atopen en calquera dos seguintes supostos:

1. Españois de orixe galega, residentes legalmente en Venezuela, que sexan beneficiarios de pensións asistenciais por ancianidade, ao abeiro do establecido no Real Decreto 8/2008, de

11 de xaneiro, polo que se regula a prestación por razón de necesidade a favor dos españois residentes no exterior e retornados.

2. Españois de orixe galega, beneficiarios de axudas do Programa 1 da Orde TAS 561/2006, de 24 de febreiro, pola que se establecen as bases reguladoras das concesións de axudas públicas correspondentes aos programas de actuación a favor dos emigrantes españois non residentes en España que carezan ou non teñan cobertura suficiente desta continxencia.

3. Persoas de orixe galego ou descendentes de galegos ata segundo grao e españois de orixe galega, non incluídos nos supostos anteriores, que acrediten insuficiencia de recursos mediante informe socio ambiental, en aplicación dos criterios que para a estimación de carencia de rendas e ingresos se establecen no citado Real Decreto 8/2008, e que precise de asistencia médica especializada incluíndo intervencións cirúrxicas.

4. Persoas de orixe galego ou descendente de galego ata segundo grao e españois de orixe galega que estean pola súa idade, minusvalía ou enfermidade, en situación de dependencia, entendéndose por tal aquela situación na que a persoa non pode facer sen axuda, determinadas actividades da vida diaria que se consideran esenciais para o desenvolvemento normal da súa autonomía persoal, familiar ou social, debendo acreditarse mediante o correspondente informe médico.

CUARTA.- OBRIGAS DAS PARTES

Co obxecto de colaborar no financiamento das prestacións asistenciais que FACEV realice con cargo a este convenio, a Secretaría Xeral da Emigración comprométese, a achegar con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, de **sesenta mil euros (60.000 €)**.

A contía de dita achega está destinada a sufragar os gastos correntes xerados pola realización da actividade prevista, tales como a contratación de persoal, gastos de funcionamento regular das instalacións na medida na que contribúan ao cumprimento do obxecto do convenio.

FACEV comprométese a:

- Realizar unha campaña de información e difusión dos Servizos de Axuda dirixidos á colectividade galega en Caracas.

- Recepcionar as peticións para a súa avaliación e elaboración dos informes socioambientais necesarios para a xustificación da correspondente situación de dependencia e necesidade do servizo dos solicitantes.

- Prestar os servizos de axuda por persoal especializado, en función das necesidades e obxectivos das unidades familiares, dirixíndose prioritariamente aos supostos que presenten maior estado de necesidade.

- Dispor do equipo humano necesario para o desenvolvemento dos servizos, que contará en todo caso con traballadores/ás sociais e persoal especializado, para a atención aos beneficiarios.

- Facilitar toda a información que lle sexa requirida polo ógrano xestor, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

QUINTA.- PAGAMENTO E XUSTIFICACIÓN

En virtude do disposto no Título III, artigos 42 e 44 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a xustificación do convenio efectuarase na modalidade de conta xustificativa.

Trala sinatura deste convenio, en concepto de pagamento anticipado, efectuarase unha entrega de fondos como financiamento necesario para poder levar a cabo as accións previstas neste, por unha contía de **dezaoto mil seiscientos euros (18.600 €)**, atendendo ao disposto no artigo 63.1.Un do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro.

Poderanse realizar pagamentos á conta da liquidación definitiva a medida que o beneficiario xustifique a realización das accións previstas neste convenio. Estes pagamentos e o total do anticipo, en base o disposto no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, non superarán o 80% da subvención concedida.

O importe restante, librarase no momento en que o beneficiario xustifique na súa totalidade o cumprimento da finalidade e demais condicións para as que se lle concedeu a axuda.

O pagamento efectuarase contra a presentación da conta xustificada que conterá a seguinte documentación:

- Certificación acreditativa na que se exprese que a totalidade dos fondos foron empregados na consecución dos obxectivos do presente convenio, asinada polo representante da entidade.

- Relación clasificada dos gastos coas actividades e servizos prestados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento.

- Documentos xustificativos dos gastos relacionados, tales como facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa (en caso de gastos de persoal, deberán presentarse as nóminas). Para os efectos da súa consideración como subvencionable, considerase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados, e asinados polo beneficiario. Non obstante, para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros, aceptarase a xustificación do pagamento mediante recibín do proveedor, en virtude do disposto no artigo 42.3 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Se é o caso, os tres presupostos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados destes.

- Memoria final detallada das actuacións levadas a cabo ao abeiro do convenio asinada polo representante da entidade na que se fará constar os obxectivos acadados.

- Relación dos beneficiarios atendidos con cargo a este convenio por FACEV. Esta relación incluírá nome e apelidos, DNI, data e provincia galega de nacemento ou de orixe dos beneficiarios, así coma o tipo de prestación efectuada.

Antes da sinatura do convenio e antes de facerse efectivo cada pagamento aportaranse as seguintes declaracións:

- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto aprobadas como as pendentes de resolución, concedidas para os mesmos fins que son obxecto deste convenio, das distintas Administracións Públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades ou de entidades privadas.

- Declaración responsable do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento algunha débeda co Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou de ser debedor por resolución de procedemento de reintegro.

O prazo de xustificación deste convenio remata o 15 de outubro de 2017.

De conformidade co establecido no artigo 65.5 do 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade non estará obrigada a constituír garantía.

De non xustificaren o importe total da subvención obxecto do convenio, e sempre e cando se tivera acadado o seu obxecto, a Secretaría Xeral da Emigración minorará a súa achega proporcionalmente ao non xustificado.

FACEV deberá ter a disposición da Secretaría Xeral da Emigración a documentación que acredite a orixe ou a condición de galega de cada unha das persoas incluídas no programa e a xustificación da escaseza de recursos de cada unha delas.

A obtención desta axuda é compatible coa obtención doutras axudas para este mesmo fin. A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver.

SEXTA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras

administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio.

2. Igualmente, e de conformidade co establecido no artigo 31.4 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

SÉTIMA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Sen prexuízo das causas xerais establecidas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia serán causa de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas cos seus correspondentes xuros, as seguintes:

- a) O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas neste convenio.
- b) A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.

OITAVA.- REINTEGRO

Procederáse ao reintegro, total ou parcial, da cantidade percibida cos xuros de mora devengados desde o momento do seu pagamento nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De acordo co artigo. 14.1.n da Lei 9/2007, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

- a) O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida.
- b) Calquera outro incumprimento considerarase incumprimento parcial dos fins para os que se concede a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación, e dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

NOVENA.- COMISION DE SEGUIMENTO

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por catro persoas, dous representantes da Secretaría Xeral da Emigración, dos cales un será o presidente e dous representantes da entidade.

A Comisión terá as seguintes funcións:

- a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- b) Interpretar e resolver as dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Esta Comisión actuará segundo o previsto no Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativa a subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración.

DÉCIMA.- RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio coa Secretaría Xeral da Emigración, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir á mencionada secretaría responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria.

A Secretaría Xeral da Emigración, ou o persoal dela dependente, non impartirá instrucións nin ordes aos traballadores contratados para a execución deste convenio.

A Secretaría Xeral da Emigración poderá comprobar en todo momento o cumprimento por parte da outra parte das obrigas laborais e de aseguramento do persoal destinado a executar as actuacións obxecto deste convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- PUBLICIDADE, SEGUIMENTO E COLABORACIÓN

En virtude do establecido nos artigos 18 e 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o convenio deberá ser publicado a través da Base de datos nacional de Subvencións (BDNS), que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións a través da súa páxina web, www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/es/index.

Igualmente, e de conformidade co artigo 15 da lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Xunta de Galicia manterá un rexistro de convenios público e accesible, no cal se fará pública a información básica en materia de transparencia, a través do Portal da transparencia e goberno aberto. Así mesmo, a Secretaría Xeral da Emigración publicará no Diario Oficial de Galicia unha relación dos convenios subscritos, e publicará a través da súa páxina web <http://emigracion.xunta.gal> a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas.

A entidade asinante presta o seu consentimento para que os seus datos persoais que consten no convenio, e mailo resto das especificacións contidas no mesmo podan ser obxecto da devandita publicidade.

FACEV obrigarse a:

a) Actuar con suxeición ás obrigas sinaladas para os beneficiarios de subvencións ou axudas públicas do artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b) Facer constar, en todo tipo de publicidade e información que se realice en desenvolvemento deste programa, a condición de entidade subvencionada pola Secretaría Xeral da Emigración, así como o seus correspondentes logotipos.

c) Facilitar a actuación dos técnicos da Secretaría Xeral da Emigración no referente ao seguimento das actividades obxecto da axuda.

d) Suministrar á Secretaría Xeral da Emigración, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requerimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Secretaría Xeral da Emigración das obrigas previstas no Título I da citada lei.

DÉCIMO SEGUNDA.- RÉXIME XURÍDICO

O réxime xurídico deste convenio vén determinado polo establecido no mesmo, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro e na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións nos seus preceptos básicos e demais normativa que sexa de aplicación. En relación coa normativa xeral sobre convenios será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desistimento pola outra parte procederase á súa inmediata resolución. Concorridos tales supostos esta entidade reintegrará ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que deán lugar de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos máis perentorios que a mesma dispuxese.

As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio (agás as que teñen que ver co outorgamento, xustificación, pagamento, reintegro e determinación de responsabilidades relativas a subvención concedida que serán resoltas polo, secretario xeral da Emigración), integraranse, interpretaranse e resolveranse motivadamente pola administración autonómica, logo do ditame non vinculante da comisión a que fai referencia a cláusula novena. Contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, poderase interpoñer os oportunos recursos contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRA.- VIXENCIA

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte ao da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 15 de outubro de 2017, agás que sexa denunciado por algunha das partes, por incumprimento dos acordos que nel se recollen.

Porén, de acordo co artigo 2.1.b. da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, as achegas económicas poderán financiar as accións necesarias para o cumprimento do obxecto do convenio realizadas a partir do 1 de xaneiro de 2017.

En proba de conformidade con canto antecede, asinan este convenio, por duplicado exemplar, no lugar e data sinalados no encabezamento.

O SECRETARIO XERAL DA
EMIGRACIÓN

Antonio Rodríguez Miranda

O PRESIDENTE DA FUNDACIÓN
APOYO A LA CIUDADANÍA ESPAÑOLA
EN VENEZUELA

Felisindo López Lorenzo